

**Cuestionario: Como era a vida nas cidades medievais?**

Mira o vídeo, “O Renacer das cidades medievais” e responde a estas cuestións, indicando cun X cal das opcións é a correcta.

**1. Por que empezaron a crecer as cidades a partir do século XI?**

- ☐ Porque as persoas querían vivir máis lonxe dos ríos.
  - ☐ Porque había máis seguridade e os agricultores producían máis comida grazas a mellores ferramentas.
  - ☐ Porque se inventaron os coches e era máis fácil viaxar.
- 

**2. Quen eran os "burgueses"?**

- ☐ Eran os que cociñaban as hamburguesas para os reis.
  - ☐ Eran os campesiños que traballaban a terra fóra da cidade.
  - ☐ Eran as persoas que vivían nos novos barrios das cidades e traballaban no comercio ou facendo obxectos.
- 

**3. Como eran as rúas dentro dunha cidade medieval?**

- ☐ Eran estreitas, con moitas curvas e irregulares.
  - ☐ Eran moi anchas e todas rectas para que pasasen os carros.
  - ☐ Non había rúas, a xente ía por enriba dos tellados.
- 

**4. Para que servían as murallas que rodeaban a cidade?**

- ☐ Para que a xente non puidese ver o que pasaba fóra.
  - ☐ Para defender a cidade e para cobrar impostos aos que entraban con produtos.
  - ☐ Para evitar que o vento botase abaixo as casas.
- 

**5. Por que se di que as cidades medievais cheiraban un pouco mal?**

- ☐ Porque os gremios de artesáns facían moito fume.
- ☐ Porque non lles gustaba limpar as casas.
- ☐ Porque non tiñan sumidoiros (alcantarillado) nin auga corrente para levar o lixo.